

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de febreiro de 2021**

Ás 17.30 horas do día 17 de febreiro de 2021, reúnese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339614> remitido coa convocatoria) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Miguel Caride Domínguez, **deputado de DO**

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE XANEIRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de xaneiro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 20 de xaneiro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- FIXACIÓN DE PREZO PÚBLICO PARA A VENDA DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “GALICIA, DE NÓS A NÓS”.

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, pregunta cales son os criterios que se seguiron para establecer o prezo público que figura na proposta, xa que non figuran no expediente.

O **Sr. secretario** explica que, segundo establece a Ordenanza de prezos públicos da Deputación, o prezo debe cubrir o importe do servizo, se ben poden establecerse prezos inferiores por razóns educativas, culturais ou doutro tipo que figuran nos artigos 2 e 3 da ordenanza. Engade que en todo caso antes de que se someta a aprobación pola Xunta de Goberno se solicitará da Área de Cultura, como promotora deste expediente, que acredite os ditos extremos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Establecer o prezo público de 15,00 euros (IVE incluído) en concepto de prezo de venda do catálogo da exposición “Galicia, de Nós a nós”.

2º.- No non previsto neste acordo, estarase ao disposto na Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación de tempo libre promovida pola Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 139, do 19 de xuño de 2014).

3º.- MODIFICACIÓN DA BASE 67ª, APARTADO D) DO CAPÍTULO XI RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN DAS DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2021

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, indica que con esta modificación o grupo de Ciudadanos desaparece do organismo provincial, polo que dexa o seu dereito a ter tanto persoal eventual como dedicación de grupo.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Base 67ª das de execución dos orzamentos provinciais para o exercicio 2021, con efectos do 1 de marzo de 2021, no seguinte sentido:

Letra d) Persoal eventual: Suprímese a previsión que indica “O Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía disporá dun administrativo”,

Letra e) Dedicacións exclusivas: Suprímese a previsión que indica “Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, una dedicación exclusiva”.

Segundo.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

4º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2021 DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2021.

O Sr. interventor expón o contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que a finais de 2020 houbo certa tensión entre os integrantes da asemblea deste consorcio, xa que non estable claro o seu futuro e a propia Deputación tiña dúbidas sobre a súa continuidade. Os concellos manifestáronse a favor da continuidade desta entidade, que presta un servizo moi importante na Comarca de Valdeorras e que funciona razoablemente ben.

O presidente da comisión indica que o seu grupo tamén se alegra da continuidade deste consorcio.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras para o exercicio 2021, conforme co proxecto aprobado pola Asemblea do Consorcio o 27 de xaneiro de 2021, por importe de 1.311.775,00 €, co seguinte resumo por capítulos:

Estado de gastos		
Capítulo 1	Gastos de persoal	382.931,55 €
Capítulo 2	Gastos bens correntes e servizos	928.493,45 €
Capítulo 3	Gastos financeiros	350,00 €
Total gastos		1.311.775,00 €

Estado de ingresos		
Capítulo 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.311.775,00 €

Total gastos	1.311.775,00 €
---------------------	-----------------------

O dito orzamento intégrase no orzamento xeral da Deputación Provincial para todos os efectos.

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerárase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Unha vez aprobado definitivamente o orzamento do Consorcio inserirase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2021.

5º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se realizan.

E, ás 17.50 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.